

## MATERIAL ADAPTADO 2ª ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA.

### XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1ª DA ESO.

Queridos chic@s:

Xa pasou unha semana e xa queda menos para que remate está insólita e histórica situación da que todos nos somos protagonistas e que quedará plasmada nos libros de historia .Libros que algúns de vós, xa non estudaredes pero si os vosos fillos ,sobriños...feitos dos que poderedes dar boa conta porque os estades a vivir nestes intres.

Nas últimas novas da Consellería de Educación durante o terceiro trimestre repasáranse os contidos dos dous primeiros,non se darán contidos novos por ese motivo, está semana repasarmos o primeiro tema.

**Os alumnos suspensos**, algún trimestre de Xeografía e Historia,teñen a posibilidade de recuperación realizando as tarefas propostas semanalmente e remitíndoas o meu correo,a o longo da semana.A data límite é cada domingo.

Para os alumnos que teñan a materia aprobada serán tidas en conta para subir as medias do terceiro trimestre.

Calquera dúbida ou aclaración sobre a tarefa desta materia, non dubides en consultala no meu correo:

[mdocoso@hotmail.com](mailto:mdocoso@hotmail.com)

1. Une con frechas.

Demografía	Está formada por tódalas persoas que habitan un territorio.
Poboación absoluta	Resulta de dividir o número de habitantes dun lugar entre a súa extensión en quilómetros cadrados.
Densidade de poboación	Diferenzas entre as cifras de natalidade e de mortalidade durante un período de tempo.
Crecemento natural	Ciencia que estuda a poboación e as súas principais características.

2. Completa coas seguintes palabras.

o número de habitantes    persoas    poboación    os quilómetros cadrados

A densidade de \_\_\_\_\_ mide a media de \_\_\_\_\_ que habitan en cada quilómetro cadrado da extensión de territorio que se estea analizando.

Para calculala divídese \_\_\_\_\_ entre \_\_\_\_\_ que ocupa de dito territorio.

3. Indica se as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas.

<input type="checkbox"/>	As migracións son un dos factores que máis inflúen na variación do número de habitantes das sociedades actuais.
<input type="checkbox"/>	As migracións nunca se deben a causas económicas.
<input type="checkbox"/>	A inmigración aporta valor ás sociedades receptoras (enriquecemento económico, diversidade cultural, aumento da poboación...).
<input type="checkbox"/>	Os que chegan novos a unha sociedade e os que xa viven nela deben respectarse e apreciarse mutuamente.

4. Une con frechas.

Superpoboación	O número de nacementos redúcese, co que crece a porcentaxe de persoas maiores.	A distribución de recursos é cada vez máis difícil.
Avellentamento	O número de nacementos non deixa de aumentar.	Poden xurdir conflitos debido ás diferenzas de costumes e culturas.
Inmigración	As persoas desprázanse a outros territorios.	Aumentan os gastos sanitarios.

5. Completa coas seguintes palabras.

as mulleres maior a cantidade de anos os homes menor

A esperanza de vida é a \_\_\_\_\_ que se espera que viva unha persoa nunha sociedade concreta.

Nas sociedades desenvolvidas é \_\_\_\_\_, debido a que hai mellores condicións de vida.

As condicións de sanidade e alimentación das sociedades pobres fan que a esperanza de vida sexa \_\_\_\_\_ nelas.

A esperanza de vida é maior para \_\_\_\_\_ que para \_\_\_\_\_.

6. Completa coas seguintes palabras.

inmigración mortalidade natalidade poboación esperanza de vida

A evolución da \_\_\_\_\_ en España e Europa nos últimos 100 anos foi bastante parecida. En ambos casos a poboación creceu durante case todo o século xx debido ao aumento da \_\_\_\_\_ e a diminución da \_\_\_\_\_. Nos últimos 30 anos a natalidade diminuíu, pero o crecemento da poboación equilibrouse coa chegada de \_\_\_\_\_ procedente de África, Asia e Iberoamérica.

Tanto en Europa como en España a \_\_\_\_\_ non deixou de crecer.

